EXERCICIOS DE APOIO UNIDADE 1

1. Completa as seguintes frases:

1. Os dous primeiros períodos da Prehistoria, o _____ e o _____, desenvólvense en Galicia ata o _____ milenio a.C.
2. A economía paleolítica e _____ é de tipo _____ e a sociedade é relativamente _____.
3. A partir do Paleolítico _____ podemos supoñer que aparecen os primeiros _____, testemuñas dunha actitude relixiosa e da crenza nunha vida _____.
4. Os cambios producidos no Neolítico baséanse no paso dunha sociedade depredadora de nómades _____ e _____ a unha sociedade _____ de _____ e _____ sedentarios.
5. Ao longo do cuarto milenio a.C. aparece un fenómeno cultural coñecido como _____ caracterizado pola _____ de monumentos con _____ de _____.
6. As notas definitorias do Calcolítico son os intensos intercambios _____, as formas sociais máis _____ e _____ e un mellor dominio do _____ por parte do _____.
7. A implantación do traballo dos metais asóciase en Galicia á _____ do _____.
8. Na Idade do Bronce, as melloras na _____ e na _____ favorecen a existencia dunha _____ do _____ e tamén do _____ e do _____.
9. No _____ aparece a tendencia a concentrarse a poboación en lugares _____ para dar resposta a necesidades _____.
10. Os _____ son gravados ao aire libre que representan motivos zoomorfos ou antropomorfos pero, sobre todo, _____ e _____.
11. O _____ é un tipo de asentamento da cultura _____ e dos pobos que ocupan _____, o norte de _____ e a parte occidental de _____ durante a Idade do _____.
12. A cultura _____ é o resultado da fusión dos pobos _____ que habitaban Galicia na _____ cos pobos _____ (entre eles os _____) que se asentaron no noroeste peninsular.
13. A explotación dos recursos _____ alcanza un gran desenvolvemento, sobre todo na extracción de metais _____ como o _____.
14. A sociedade castrexa é unha sociedade _____, probablemente presidida por unha _____ que se sobrepón a unha poboación _____ e _____ no territorio.
15. Ademais dos deuses principais existían unha gran cantidade de xenios _____ ou _____ relacionados cos _____, as _____, os _____, as _____, etc.
16. Nun primeiro momento o territorio da actual Galicia pertence a provincia romana da _____ e posteriormente da _____.
17. O emperador _____ fai unha nova reorganización do Imperio e crea a provincia de _____ que abranguía dende o _____ ata o Douro e dende o Atlántico ata o _____.
18. Os romanos crean tres cidades, cabezas de tres _____ xurídicos: o _____, o _____ e o _____.
19. As construcións máis representativas da época romana son obras _____, de carácter _____ e _____.

20. Os métodos de extracción do mineral son esencialmente tres: aproveitamento das _____, a _____ e o sistema de _____.
21. No Baixo Imperio existe unha clase poderosa, os _____ das _____ e unha clase inferior, os _____.
22. O movemento relixioso chamado _____ contribúe de modo definitivo a difusión do _____ no medio rural galego.
23. A principios do século V os pobos _____ ós que pertencen os _____, _____ e _____, invaden o territorio do Imperio.
24. O bispo de Braga _____ é unha figura clave no cambio político-relixioso e o artífice das reformas das _____.
25. No ano 585 o rei _____ anexiona definitivamente o _____ o _____, dando fin a súa existencia como reino independente.

Solucións:

1. Os dous primeiros períodos da Prehistoria, o PALEOLÍTICO e o EPIPALEOLÍTICO, desenvólvense en Galicia ata o QUINTO milenio a.C.
2. A economía paleolítica e EPIPALEOLÍTICA é de tipo DEPREDADOR e a sociedade é relativamente IGUALITARIA.
3. A partir do Paleolítico MEDIO podemos supoñer que aparecen os primeiros ENTERRAMENTOS RITUAIS, testemuñas dunha actitude relixiosa e da crenza nunha vida ULTRATERREAL.
4. Os cambios producidos no Neolítico baséanse no paso dunha sociedade depredadora de nómades CAZADORES e RECOLLEDORES a unha sociedade PRODUTORA de AGRICULTORES e GANDEIROS sedentarios.
5. Ao longo do cuarto milenio a.C. aparece un fenómeno cultural coñecido como MEGALITISMO caracterizado pola CONSTRUCIÓN de monumentos con PEDRAS de GRAN TAMAÑO.
6. As notas definitorias do Calcolítico son os intensos intercambios COMERCIAIS, as formas sociais máis RÍXIDAS e XERARQUIZADAS e un mellor dominio do MEDIO por parte do SER HUMANO.
7. A implantación do traballo dos metais asóciase en Galicia á CULTURA do VASO CAMPANIFORME.
8. Na Idade do Bronce, as melloras na AGRICULTURA e na GANDERÍA favorecen a existencia dunha MINERÍA do ESTAÑO e tamén do COBRE e do OURO.
9. No BRONCE FINAL aparece a tendencia a concentrarse a poboación en lugares ELEVADOS para dar resposta a necesidades DEFENSIVAS.
10. Os PETRÓGLIFOS son gravados ao aire libre que representan motivos zoomorfos ou antropomorfos pero, sobre todo, XEOMÉTRICOS e ESQUEMÁTICOS.
11. O CASTRO é un tipo de asentamento da cultura CASTREXA e dos pobos que ocupan GALICIA, o norte de PORTUGAL e a parte occidental de ASTURIAS durante a Idade do FERRO.
12. A cultura CASTREXA é o resultado da fusión dos pobos INDÍXENAS que habitaban Galicia na IDADE DO BRONCE cos pobos CENTROEUROPEOS (entre eles os CELTAS) que se asentaron no noroeste peninsular.
13. A explotación dos recursos MINEIROS alcanza un gran desenvolvemento, sobre todo na extracción de metais PRECIOSOS como o OURO.
14. A sociedade castrexa é unha sociedade XERARQUIZADA, probablemente presidida por unha ELITE MILITAR que se sobrepón a unha poboación NUMEROSA e DISPERSA no territorio.
15. Ademais dos deuses principais existían unha gran cantidade de xenios BENÉFICOS ou MALÉFICOS relacionados cos ANIMAIS, as AUGAS, os BOSQUES, as ENCRUCILLADAS, etc.
16. Nun primeiro momento o territorio da actual Galicia pertence a provincia romana da LUSITANIA e posteriormente da HISPANIA CITERIOR.
17. O emperador DIOCLECIANO fai unha nova reorganización do Imperio e crea a provincia de GALLAECIA que abranguía dende o CANTÁBRICO ata o Douro e dende o Atlántico ata o SISTEMA IBÉRICO.
18. Os romanos crean tres cidades, cabezas de tres CONVENTOS xurídicos: o BRACARENSE, o ASTURICENSE e o LUCENSE.
19. As construcións máis representativas da época romana son obras PÚBLICAS, de carácter PRÁCTICO e UTILITARIO.
20. Os métodos de extracción do mineral son esencialmente tres: aproveitamento das ÁREAS FLUVIAIS AURÍFERAS, a EXPLOTACIÓN A CEO ABERTO e o sistema de RUINA MONTIUM.
21. No Baixo Imperio existe unha clase poderosa, os POSSESORES das VILLAE e unha clase inferior, os HUMILIORES.

22. O movemento relixioso chamado PRISCILIANISMO contribúe de modo definitivo a difusión do CRISTIANISMO no medio rural galego.
23. A principios do século V os pobos XERMÁNICOS ós que pertencen os SUEVOS, ALANOS e VÁNDALOS, invaden o territorio do Imperio.
24. O bispo de Braga SAN MARTIÑO DE DUMIO é unha figura clave no cambio político-relixioso e o artífice das reformas das INSTITUCIÓNS ECLESIÁSTICAS.
25. No ano 585 o rei LEOVIGILDO anexiona definitivamente o REINO SUEVO o HISPANOVISIGODO, dando fin a súa existencia como reino independente.